

Cada vez é máis habitual a presenza da **vespa asiática (velutina)** nos nosos montes, polo que debes telo en conta na planificación dos teus traballos forestais.

**1**

**Antes de empezar os traballos**

- \_ Realiza un recoñecemento exhaustivo da parcela (árbores, chan, muros, etc.) e comproba que non existen niños de velutina na zona.
- \_ Ten en conta que os niños que están no medio das silveiras ou entre o mato soen ser máis difíciles de detectar.

**2**

**Se atopas un niño de velutina**

- \_ Non te achegues a menos de 5 metros do niño.
- \_ Non lle provoques danos; non o golpees nin molestes ás velutinas. Lembra que normalmente só atacan ao verse ou sentirse atacadas.
- \_ Non apees unha árbore que conteña un niño, ou ben que poida afectar na súa caída a outra árbore que o albergue. Non desbroces silveiras ou matos que conteñan niños.
- \_ Avisa a todos os compañeiros de traballo da presenza do niño e sinaliza a zona.
- \_ Chama ao 012 e comunícao.

**012**

**3**

**Como actuar no caso dun ataque**

- \_ Se te atacan fuxe o máis rápido posible e busca un refuxio (vehículos, edificacións, arbustos, cultivos densos como o millo, etc...).
- \_ Mentres escapas procura evitar que as velutinas te ataquen nas áreas máis sensibles da cara, como pode ser a zona dos ollos. Tamén teñen tendencia a picar na parte de atrás do pescozo polo que se recomenda protexer esta zona coas mans ou roupa.
- \_ Non tentes eliminar as velutinas nin axitar os teus brazos para espantalas. As velutinas son atraídas polos movementos bruscos e as que son esmagadas emiten un cheiro que atrae máis velutinas.
- \_ Se ves que alguén é atacado por velutinas, non te achegues para axudalo. Chama ao número de emerxencias (112) onde te informarán de como debes actuar e avisarán aos medios de emerxencia para que se trasladen ao lugar se é preciso.

**Lembra: as persoas alérxicas deben levar sempre consigo a medicación necesaria para administrarse en caso de picaduras.**



Edita: Issga. Autoría: técnicos do Issga, Confemadera Galicia, Ence e Finsa, membros do grupo de traballo do sector forestal do Issga